



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

Descrición Decreto: Nomeamento ATS/DUE para Residencia de persoas maiores e Centro de día de Boimorto

DONA MARIA JESUS NOVO GOMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Vista a extinción de contratos das auxiliares de clínica da Residencia de persoas maiores e Centro de día de Boimorto con efectos 12/04/2017 (decreto nº 105/2017 de data 05/04/2017).

Vista a necesidade urxente de contratación de persoal laboral temporal praza ATS/DUE da Residencia de persoas maiores e centro de día de Boimorto para reforzo dos servizos na Residencia de persoas maiores e centro de día de Boimorto.

Vistos os movementos da I, II e III bolsas de traballo de persoal laboral temporal praza ATS/DUE da residencia de persoas maiores e centro de día de Boimorto, en cuxa situación actual non temos candidatos/as con dispoñibilidade inmediata para a contratación tendo en conta os movementos das bolsas segundo os escritos presentados por cada unha das candidatas que forman parte da mesma (segundo informe da Técnica local de emprego de data 11/04/2017):

- Dna. Laura Lorenzo Lorenzo con DNI 45862517B con entrada nº 856 en data 11/04/2017 no que acredita que se atopa traballando polo tanto mantén o mesmo posto na lista.
- Dna. Natalia Vázquez Vázquez con DNI 78794044T con entrada nº 857 en data 11/04/2017 no que acredita que se atopa traballando polo tanto mantén o mesmo posto na lista.
- Dna. M^a Emma Rico García con DNI 44842481W non contesta á chamada telefónica para a contratación.
- Dna. Nuria García Rodríguez con DNI 78803637EW con entrada nº 855 en data 11/04/2017 no que acredita que se atopa traballando polo tanto mantén o mesmo posto na lista.
- Dna. Verónica Quintela Bouzas con DNI 78801417J con entrada nº 858 en data 11/04/2017 no que acredita que se atopa traballando polo tanto mantén o mesmo posto na lista.
- Dna. Leticia Garea Vázquez con DNI 78802298C non contesta á chamada telefónica para a contratación.
- Dna. M^a Irene Mosquera Garea con DNI 45952860X non contesta á chamada telefónica para a contratación.

Visto o decreto núm. 111/2017 de data 10/04/2017 polo que se aproba a IV Bolsa de emprego ATS/



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

DUE da residencia de persoas maiores e centro de día de Boimorto, en cuxa situación actual temos candidatos/as con dispoñibilidade inmediata para a contratación.

Tendo constancia de informes de secretaría intervención como o realizado ás nóminas de decembro 2016 e outros como o realizado ó decreto de reactivación de bolsas caducadas, etc advertindo das irregularidades de cobertura con persoal laboral temporal de necesidades permanentes entre outros aspectos legais.

Esta Alcaldía no uso das atribucións outorgadas legalmente no marco das competencias da Alcaldía sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985 de bases do réxime local polo presente RESOLVO:

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear como ATS/DUE da Residencia de persoas maiores e Centro de día de Boimorto a Dna. Encarnación García López con DNI 46559441N.

Condiciónase a formalización do contrato en aplicación da base doce á presentación pola interesada de declaración xurada de non estar incurso en incompatibilidade para ser persoal da Administración Pública e non ter sido separada do servizo público e certificado médico oficial que acredite a súa capacidade para o desempeño do posto de traballo.

SEGUNDO.- Notificar persoalmente o presente decreto á seleccionada indicada no apartado anterior, así como publicar no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web este decreto aos efectos oportunos, e comunicar aos servizos administrativos para que se tramite presentada a documentación requirida a alta do traballador na seguridade social e se asine e rexistre o contrato con efectos de alta o 12/04/2017.

BOIMORTO, martes 11 de abril de 2017

A Alcaldesa - Presidenta
Asdo.- MARIA JESUS NOVO GOMEZ

Dou fe, a secretaria
Asdo.- REBECA VÁZQUEZ VAZQUEZ